



CONCELLO DE CAMARIÑAS A CORUÑA

ANUNCIO

BOSL - CONTRATACIÓN DUN OPERARIO DO SERVIZO DE LIMPEZA AO ABEIRO DA BOLSA DE TRABALLO PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE OPERARIOS DO SERVIZO DE LIMPEZA APROBADA POR DECRETO DA ALCALDÍA DE DATA 25/06/2020.

DATA DE PUBLICACIÓN NO TAOLEIRO DE ANUNCIOS DO CONCELLO: 26 DE XANEIRO DE 2021.

A Alcaldía ditou en data 26 de xaneiro de 2021, o decreto que a continuación se transcribe:

“DECRETO DA ALCALDÍA

ASUNTO: BOSL - CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL BAIXO A MODALIDADE CONTRACTUAL DE SUBSTITUCIÓN, ART. 15 C) DO REAL DECRETO LEXISLATIVO 2/2015, DO 23 DE OUTUBRO, POLO QUE SE APROBA O TEXTO REFUNDIDO DA LEI DO ESTATUTO DOS TRABALLADORES, DE D. EVARISTO LEMA NOVOA, COMO OPERARIO DO SERVIZO MUNICIPAL DE LIMPEZA VIARIA EN SUBSTITUCIÓN DE M.C.C.L.

EXPEDIENTE: 2021/X999/000054

Considerando que no servizo de limpeza viaria do Concello de Camariñas estase a producir neste momento unha situación de insuficiencia de persoal dado que unha das traballadoras adscritas ao servizo se encontra neste momento en situación de baixa laboral por enfermidade.

Considerando que o servizo de limpeza viaria é un servizo de carácter esencial que non pode deixar de prestarse en ningún momento, debendo manterse sempre na súa prestación uns estándares mínimos de calidade e eficacia e que o mesmo non se pode/debe ver afectado polas ausencias/insuficiencias do persoal adscrito ao servizo, servizo este, ademais, que é prestado en réxime de xestión directa polo Concello.

Ademais resulta fundamental ter en conta neste momento a situación de crise sanitaria ocasionada pola COVID-19.

Esta situación extraordinaria obriga a adoptar medidas excepcionais pola administración, neste caso polo Concello, para garantir a saúde pública e a seguridade da poboación.

Así, nas circunstancias actuais resulta máis imprescindible e obrigado ca nunca garantir a limpeza viaria, como unha forma de asegurar, como xa se dixo, a saúde e salubridade pública.

Considerando que a contratación dun traballador/a contribuirá a unha mellor e correcta prestación deste servizo esencial.

Considerando que o art. 15.c) do Real Decreto Lexislativo 2/2015, establece que: *“Poderán celebrarse contratos de duración determinada nos seguintes supostos: .../ c) Cando se trate de substituír a traballadores con dereito a reserva do posto de traballo, sempre que no contrato de traballo especifíquese o nome do substituído e a causa de substitución”.*

Considerado, pois, que procede formalizar o oportuno contrato de traballo ao amparo do artigo anteriormente citado, sendo a traballadora substituída M.C.C.L e a causa da substitución a situación de baixa laboral por enfermidade desta.

Considerando que mediante Decreto da Alcaldía de data 25/06/2020 aprobouse a creación dunha bolsa de traballo que permite cubrir de acordo coas necesidades do servizo, mediante a contratación laboral temporal que en cada caso corresponda, os postos de operario do servizo municipal de limpeza viaria (grupo de programa 163 do anexo de persoal laboral fixo e temporal do Orzamento do Concello) con motivo de



CONCELLO DE CAMARIÑAS A CORUÑA

vacacións, licenzas, permisos, situacións de incapacidade temporal, ou calquera outra situación de insuficiencia de persoal que determinen a necesidade da utilización desta bolsa de conformidade co previsto no Real Decreto Legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores e Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto de Empregado Público e demais normativa aplicable.

Visto o Decreto de Alcaldía de data 02/07/2020, polo que se contratou a persoa que se atopaba en primeiro lugar da relación de persoal da citada bolsa de traballo e que a mesma segue prestando servizos neste Concello.

Vista a relación de persoal da bolsa de traballo aprobada por Decreto da Alcaldía de data 25/06/2020 para a contratación laboral temporal de operarios do servizo de limpeza, na que figura en segundo lugar D. Evaristo Lema Novoa.

Visto, pois, que de conformidade coa base 10ª e 11ª procede formalizar o correspondente contrato de traballo con D. Evaristo Lema Novoa.

Considerando que postos en contacto con D. Evaristo Lema Novoa, candidato que figura en segundo lugar da bolsa de traballo, este aceptou a oferta de traballo, polo que lle corresponde a este candidato facer esta substitución todo elo de conformidade co establecido na base 11ª reguladoras da creación da bolsa de traballo para a contratación laboral temporal de operarios do servizo de limpeza.

Visto que o aspirante ao que hai que contratar, xa prestou servizos neste Concello como peón mediante contrato laboral asinado en data 08/07/2020 con duración ata 31/12/2020, polo que xa se ten sometido á realización do exame médico ao que se refire a base 11ª reguladoras da creación da bolsa de traballo para a contratación laboral temporal de operarios do servizo de limpeza (realizado en data 19/06/2020 con validez ata 19/06/2021) e que o mesmo foi cualificado como apto para o posto de traballo segundo consta no certificado de aptitude que obra no expediente.

Visto que o aspirante ao que hai que contratar procedeu, sen previo requirimento da Administración, a presentación da documentación a que se refire a base 11ª reguladoras da creación da bolsa de traballo para a contratación laboral temporal de operarios do servizo de limpeza.

Visto pois que dita documentación pode/debe ser examinada neste momento por un principio de economía procedimental, tendo en conta ademais o principio de celeridade que debe de rexer os procedementos, máxime neste caso vista a urxencia da contratación para cubrir o posto da traballadora que está de baixa médica.

Á vista, pois, do exposto e que pola intervención municipal se ten emitido o preceptivo certificado de existencia de crédito é polo que en uso das facultades que me confire o art. 21 da lei 7/1985, do 2 de abril reguladora das bases de réxime local,

ACORDO:

Primeiro: Contratar, en réxime de contratación laboral temporal baixo a modalidade contractual de substitución, art. 15 c) do Real Decreto Legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, a D. EVARISTO LEMA NOVOA como operario de limpeza viaria para a substitución de M.C.C.L. durante o período que dure a baixa laboral desta traballadora, sendo, pois, a causa da substitución a baixa laboral por enfermidade da citada traballadora.

Segundo: A duración do devandito contrato, de conformidade co art. 8 do Real Decreto 2720/1998, do 18 de decembro, polo que se desenvolve o artigo 15 do Estatuto dos Traballadores en materia de contratos de duración determinada, será desde o día 1 de febreiro de 2021 ata a incorporación de M.C.C.L. ao seu posto de traballo.

O traballador deberá de prestar os seus servizos nos días e horarios que sexan establecidos por esta Alcaldía.



CONCELLO DE CAMARIÑAS A CORUÑA

Terceiro: As retribucións a percibir polo traballador serán as mesmas que lle corresponden á traballadora substituída.

Cuarto: Notificar o presente acordo ao interesado e que se lle cite para que proceda á sinatura do correspondente contrato.

Quinto: Facer público o presente decreto mediante a súa inserción no taboleiro de anuncios do Concello e a efectos meramente informativos na sede electrónica do Concello de Camariñas.

Camariñas, asinado dixitalmente na data que figura na marxe pola alcaldesa Sandra Insua Rial ante min, a secretaria accidental, que asino aos únicos efectos de fe pública”.

Camariñas, asinado dixitalmente na data que figura a marxe pola alcaldesa D^a Sandra Insua Rial.